



1.000 estudantes

**1900**



60.000 estudantes

**1995**

## UNHA LINGUA HONORIS CAUSA

Ricardo Carballo Calero fixo historia ao se converter en 1972 en catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega. Por primeira vez o noso idioma e as nosas letras entraban pola porta grande da universidade.

Para comprender como foi posible temos que viaxar ao pasado. Entramos na cápsula do tempo e viaxamos a 1926. Aí está o Ricardo, un estudante novísimo que chega a Santiago de Compostela con iguais doses de nervios e ilusións. Aqueles primeiros días deixounos reflectidos moitos anos despois na novela *Scórpio* (1987), onde as lembranzas da súa etapa universitaria ocupan un espazo moi destacado:

*Un señor amigo do pai de Scórpio, e do meu propio pai, buscou nos pousada en Santiago, e aquí estamos instalados na rúa da Fonte San Miguel. A casa ten como patroa á viúva dun garda civil. Esta señora ten dúas fillas mozas e un fillo maior ca elas, empregado nunha axencia de seguros.*



**Catedrático/a.** Chámasele así ao profesor ou profesora de ensino superior ou medio que, polos seus méritos, acada a categoría máis alta.



Malia ter que residir nunha hospedaxe modesta, foi un afortunado. Nunha época na que a inmensa maioría da xente apenas cursaba os estudos primarios, el tiña a oportunidade de estudar unha carreira. Fíxate na cabeceira desta páxina e verás a diferenza do número de persoas que estudaban na Galicia de 1900 e as que o fan en 2020.



Esta etapa será decisiva na súa vida.

*Eu procedía dunha familia onde non había universitarios, a vida universitaria foi para min revelación en moitos aspectos e sempre me recoñecín universitario.*

Foi un estudante excelente que acabou con notas brillantes dúas carreiras: a de Dereito e a de Filosofía e Letras. Tamén tivo tempo para o ocio. Sabes cal era o principal entretemento do mozo Ricardo e dos seus compañeiros? Aquí nolo conta!

*Os estudantes non dispoñiamos de demasiados medios para frecuentar os cafés ou as tabernas. De maneira que o paseo era unha práctica social moi utilizada.*


Naqueles momentos de lecer coñeceu a que sería a súa muller: María Ignacia Ramos, unha moza que estudaba Filosofía e Letras. Se ser universitario era un privilexio, ser universitaria, nuns anos en que nin sequera está permitido o voto feminino en España, era case unha heroicidade.

*Daquela había moi poucas mulleres. En Dereito practicamente ningunha. Recordo unha que era dunha familia moi coñecida de banqueiros en Santiago e era a única ou case a única que estudaba Dereito. En Filosofía e Letras estudaban algunhas máis.*



## ACTIVIDADE:

Seguro que tes na familia ou na veciñanza algunha persoa universitaria. Fala con ela para ver como é a súa vida: Que estuda? Onde vive? Como é o seu tempo de lecer? Cántanolo nunha redacción dun folio.



A universidade era unha institución tradicionalmente allea á lingua galega. Dende o século XIX foron medrando as voces de intelectuais de prestixio que demandaban espazo para o noso idioma no ensino superior. Durante o século XX as mobilizacións estudiantís desempeñaron un papel importante nesta loita.

Ricardo Carballo Calero participou activamente nelas. En 1933, canda outros alumnos que logo serían persoeiros destacados da nosa cultura, como Francisco Fernández del Riego, Xaquín Lorenzo ou Álvaro Cunqueiro, asinou un manifesto que apareceu nos principais xornais.

O 16 de setembro de 1915, o profesor de Dereito Luís Porteiro Garea pronunciou, no paraninfo da Universidade de Santiago, a primeira lección en galego que se coñece.

Aquelas peticións callaron na sociedade e tamén nos dirixentes universitarios. Nese mesmo ano de 1933, a Universidade de Santiago de Compostela abriu a posibilidade de que o galego fose a lingua na que se impartisen algunhas materias.



A guerra civil e posterior ditadura esfarelou o soño dunha universidade na que o noso idioma tivese un papel relevante. Aínda así, houbo actos simbólicos que demostraron que a demanda seguía viva. Así en 1958, Ramón Otero Pedrayo xubilábase como catedrático de Historia na Universidade de Santiago de Compostela e daba a aula de despedida en galego.



## ACTIVIDADE

A persoa que máis manda na universidade é a que ocupa a reitoría. Imos poñerte a proba con estas afirmacións. Dúas delas son falsas. A ver se atinas cales son.

- O barrete é un gorro con forma de prisma e unha borla na parte superior que emprega o profesorado nas cerimoniaes solemnes.
- Aínda que a primeira foi a de Santiago de Compostela, dende 1989 hai outras dúas universidades en Galicia: a da Coruña e a de Vigo.
- Para poder asistir á clase, o alumnado universitario está aínda hoxe obrigado a levar un uniforme negro e branco.
- Despois de séculos de marxinación, a día de hoxe nas universidade hai máis alumnado feminino ca masculino.
- Unha das universidades máis antigas e prestixiosas do mundo é a de Oxford, que está na rexión alemá de Baviera.
- Cada ano chegan a Galicia alumnos e alumnas doutros países para estudaren lingua galega nas universidades.

## Sabías que...

No último treito da ditadura franquista cómpre destacar tres datas importantes para a presenza do galego na universidade:

- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) contrata a Carballo Calero para dar clases de lingua no curso 1965-1966.
- Para promover o estudo do noso idioma, en 1971 a USC crea o Instituto da Lingua Galega (ILG).
- En 1972 Carballo Calero convértese no primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega.



A fin da ditadura e a chegada das liberdades van abrindo novas fiestras para a lingua no ensino, tamén no superior. O Estatuto de Autonomía de Galicia (1982), o conxunto de normas polas que se rexe a nosa Comunidade, proclamou a oficialidade do galego. As tres universidades que existen no país recoñecen e promoven o galego, mais aínda queda moito camiño por percorrer.

Do esforzo de todos e todas depende que siga avanzando para ser lingua 'honoris causa', tal e como sempre defendeu Ricardo Carballo Calero, o noso primeiro catedrático de Lingüística e Literatura Galega!

**Doutor/a honoris causa** é un título que concede unha universidade a persoas eminentes.

# A NOSA É LINGUA UNIVERSAL

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA



 USC



 UNIVERSIDADE DE VIGO



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

